



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Convocatoria do programa de axudas xenéricas no Concello de Bergondo, Curso 2021-2022

EDICTO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bergondo (A Coruña), en sesión ordinaria do xoves 27 de maio de 2021, e a proposta de Alcaldía, aprobou as bases da CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS XENÉRICAS NO CONCELLO DE BERGONDO. CURSO 2020-2021, así como o modelo de presentación de solicitudes. O modelo estará dispoñible na páxina web municipal bergondo.gal, e nas oficinas municipais.

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS XENÉRICAS NO CONCELLO DE BERGONDO. CURSO 2021-2022

1.-OBXECTO.

É obxecto da presente convocatoria regular o programa “Axudas xenéricas” para o curso escolar 2021-2022, a través da que se entregarán libros aos solicitantes que cursen:

- 1.º ou 2.º de Educación Primaria no CPI Cruz do Sar.
- Educación Infantil no CRA de Bergondo; unicamente nas escolas que empregan libros de texto.

2.-FINALIDADE.

A finalidade deste programa é colaborar coas familias do municipio no esforzo económico que o comezo do curso ocasiona.

3.-CRITERIOS.

- Entregarase a cada solicitante un libro que será da súa propiedade e non terán que devolve-lo ao finalizar o curso.
- Será de aplicación nos seguintes cursos:
 - 1.º e 2.º de primaria.
 - Educación Infantil (nas escolas do CRA de Bergondo que empreguen libros de texto).

4.-BENEFICIARIOS.

Poderán acollerse os/as estudantes que cursen os estudos no CPI Cruz de Sar ou no CRA de Bergondo que, no momento da solicitude, estean empadroados/as no Concello de Bergondo e teñan a intención de continuar estando ao longo do curso.

Quedarán excluído:

- O alumnado que perciba o vale para adquisición de libros de texto da Xunta de Galicia que lle permita adquirir a totalidade dos libros para o curso 2021-2022. Para elo o solicitante autoriza ao concello a realizar a consulta deses datos co CPI Cruz do Sar.
- As novas incorporacións de alumnado que se produzan con posterioridade aos prazos de solicitude, salvo no caso de existencia de crédito na partida orzamentaria.

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas.

5.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar dende a publicación do extracto desta convocatoria no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

6.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

As solicitudes presentaranse preferiblemente a través da sede electrónica ou, opcionalmente no rexistro xeral do concello de Bergondo a través de cita previa, que se poderá solicitar:

- Preferiblemente cubrindo o formulario de atención presencial con cita previa na páxina web (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html>).
- Opcionalmente no número 981 791 252 (ext. 2).

A documentación a presentar será a seguinte:

- Modelo de solicitude, que se facilitará na páxina web bergondo.gal e na sede electrónica do concello de bergondo.
- D.N.I dos pais, nais ou representantes legais.
- D.N.I do/a menor (se o ten). Se non o ten, presentarase o libro de familia.

7.-PRAZOS DE ENTREGA DO LIBRO.

O prazo de recollida do/s libro/s comunicarase aos interesados, xunto coa resolución do programa, a través da páxina web. A recollida realizarase de forma individual, constando na resolución o día e hora de recollida do/s mesmo/s.

A recollida realizarase pola mesma persoa que realizou a solicitude para asinar o modelo de delegación de pago (nese sentido, os datos persoais dos/as solicitantes serán pasados á unha empresa coa que se contratará o subministro dos libros para que poidan realizar unha factura por cada beneficiario/a).

Os/as beneficiarios/as que non recollan os libros nos prazos establecidos poderán ser excluídos/as do programa.

Os prazos poderán modificarse por causas alleas a esta convocatoria.

8.-PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

As solicitudes serán resoltas mediante o órgano competente e publicadas na páxina web do concello (bergondo.gal) e no taboleiro de editos da sede electrónica, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Publicarase unha listaxe provisional a fin de que as persoas interesadas poidan reclamar nos dous (2) días seguintes ao da súa publicación. Finalmente publicarase a listaxe definitiva incluíndo, de ser o caso, as solicitudes indebidamente excluídas.

CONVOCATORIA DEL PROGRAMA DE AYUDAS GENÉRICAS EN EL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO. CURSO 2021-2022

1.-OBJETO.

Es objeto de la presente convocatoria regular el programa “Ayudas genéricas” para el curso escolar 2021-2022, a través de la que se entregarán libros a los solicitantes que cursen:

- 1.º o 2.º de Educación Primaria en el CPI Cruz del Sar.
- Educación Infantil en el CRA de Bergondo; únicamente en las escuelas que emplean libros de texto.

2.-FINALIDAD.

La finalidad de este programa es colaborar con las familias del municipio en el esfuerzo económico que el comienzo del curso ocasiona.

3.-CRITERIOS.

- Se entregará a cada solicitante un libro que será de su propiedad y no tendrán que devolver al finalizar el curso.
- Será de aplicación en los siguientes cursos:
 - 1.º y 2.º de primaria.
 - Educación Infantil (en las escuelas del CRA de Bergondo que empleen libros de texto).

4.-BENEFICIARIOS.

Podrán acogerse los/as estudiantes que cursen sus estudios en el CPI Cruz de Sar o en el CRA de Bergondo que, en el momento de la solicitud, estén empadronados/as en el Ayuntamiento de Bergondo y tengan la intención de continuar estando a lo largo del curso.

Quedarán excluídos:

- El alumnado que perciba el bono para adquisición de libros de texto de la Xunta de Galicia que le permita adquirir la totalidad de los libros para el curso 2021-2022. Para ello el solicitante autoriza al ayuntamiento a realizar la consulta de esos datos con el CPI Cruz del Sar.
- Las nuevas incorporaciones de alumnado que se produzcan con posterioridad a los plazos de solicitud, salvo en el caso de existencia de crédito en la partida presupuestaria.

Estas ayudas son compatibles con cualquier otra ayuda para la misma finalidade de otras entidades públicas o privadas.

5.-PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar desde la publicación del extracto de esta convocatoria en el BOF a través del Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

6.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Las solicitudes se presentarán preferiblemente a través de la sede electrónica o, opcionalmente en el registro general del ayuntamiento de Bergondo a través de cita previa, que se podrá solicitar:

- Preferiblemente cubriendo el formulario de atención presencial con cita previa en la página web (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html>).
- Opcionalmente en el número 981 791 252 (ext. 2).

La documentación a presentar será la siguiente:

- Modelo de solicitud, que se facilitará en la página web bergondo.gal y en la sede electrónica del ayuntamiento de bergondo.
- D. N.I de los padres, madres o representantes legales.
- D. N.I del/la menor (se lo tiene). Si no lo tiene, se presentará el libro de familia.

7.-PLAZOS DE ENTREGA DEL LIBRO.

El plazo de recogida del/ s libro/ s se comunicará a los interesados, junto con la resolución del programa, a través de la página web. La recogida se realizará de forma individual, constando en la resolución el día y hora de recogida del/ s mismo/s.

La recogida se realizará por la misma persona que realizó la solicitud para firmar el modelo de delegación de pago (en ese sentido, los datos personales de los/as solicitantes serán pasados a la una empresa con la que se contratará el suministro de los libros para que puedan realizar una factura por cada beneficiario/a).

Los/as beneficiarios/as que no recojan los libros en los plazos establecidos podrán ser excluidos/las del programa.

Los plazos podrán modificarse por causas ajenas a esta convocatoria.

8.-PROCEDIMIENTO DE CONCESIONES.

Las solicitudes serán resueltas mediante el órgano competente y publicadas en la página web del ayuntamiento (bergondo.gal) y en el tablón de edictos de la sede electrónica, de conformidad con el artículo 45 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.

Se publicará un listado provisional a fin de que las personas interesadas puedan reclamar en los dos (2) días siguientes al de su publicación. Finalmente se publicará el listado definitivo incluyendo, de ser el caso, las solicitudes indebidamente excluidas.

Bergondo, 31 de maio de 2021.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2021/4696